



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
SAN PAIO



Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu
futuro"

UNIÓN EUROPEA

PLAN DE IGUALDADE
IES SAN PAIO

2023/24



Índice

1. Introducción.....	3
2. Contextualización normativa e do centro.....	4
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia (PENDENTE).....	6
4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan.....	8
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.....	8
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	9
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	10
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.....	10
5. Medidas concretas de actuación.....	11
5.1. Organización de centro.....	12
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	13
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	15
6. Seguimento e avaliación.....	15

1. Introducción

O presente documento ten o obxectivo de establecer medidas que favorezan a igualdade entre homes e mulleres, das boas prácticas coeducativas e no apoio á unha educación libre de prexuízos e estereotipos de xénero que condicionen o desenvolvemento das persoas.

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

O instituto debe ser un espazo coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades; un espazo comprometido co dereito a unha educación de calidade nun ambiente seguro e propicio, o que nos compromete ao desenvolvemento do Plan de Igualdade.

Este plan é un instrumento estratéxico para a actuación educativa no noso centro; un instrumento para fomentar e implantar a educación en igualdade de alumnas e alumnos e para ser referente na adaptación da documentación de centro á coeducación.

A elaboración deste documento ten como principios fundamentais a formación integral, a prevención da violencia de xénero, transversalidade, inclusión e integración da diversidade, igualdade de dereitos, visibilidade e paridade.

Con todo, aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Por iso o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ao conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuízos que nos transmitiron, e seguen transmitindo, toda a nosa contorna, familia, medios de comunicación, etc. Estes prexuízos sexistas e LGTBfóbicos constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio.



Por tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado como o alumnado se expoñan a devanditos prexuízos, adquiran un maior coñecemento sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, que modifiquen as súas condutas, e deste xeito fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindibles para o libre e digno desenvolvemento humano.

A metodoloxía que se seguirá na elaboración deste documento consistirá en tres fases:

- Diagnose da igualdade no centro.
- Establecemento de obxectivos coeducativos do Plan de Igualdade do centro.
- Proposta de medidas concretas de actuación.
- Seguimento e avaliación.

A Comunidade Educativa do IES San Paio terá acceso aos obxectivos coeducativos neste Plan de Igualdade e nos outros (PEC, Plan de Acción Titorial, Plan de convivencia) dándoos a coñecer a través da súa publicación na páxina web do centro, nas titorías e nos propios taboleiros de aula do centro.

2. Contextualización normativa e do centro

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara unha sociedade máis democrática e xusta.

O marco legislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, recolle no seu Capítulo II, que dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A Lei 7/2023 do 30 de novembro para a igualdade efectiva de homes e mulleres en Galicia. No capítulo IV desta lei trátase a educación e a formación entre homes e mulleres:

Artigo 41. O Currículo Educativo

Artigo 42. Persoal con Formación en educación para a igualdade

Artigo 43. Erradicación de prexuízos nos centros docentes

Artigo 44. Formación do profesorado

Artigo 45. Participación equilibrada nos centros docentes

Este documento perfílase como instrumento marco para reducir as fendas de xénero existentes nos distintos ámbitos, e avanzar na consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o desenvolvemento do Plan de Igualdade é responsabilidade de toda a comunidade educativa. A súa elaboración e inclusión no Proxecto Educativo corresponde ao Equipo Directivo co asesoramento da profesora coordinadora do Plan de Igualdade, que actualmente é dona Marta Rodríguez Taboada, escollida polo Consello Escolar, e do claustro do profesorado.

A colaboración con todos os Departamentos permite afondar no desenvolvemento do currículo non sexista, así como a visibilidade das achegas das mulleres nel. As medidas e actuacións propostas para o Plan de Igualdade

corresponden ao Claustro, á Comisión de Convivencia e ao Consello Escolar, así como a súa revisión e avaliación.

A nosa actividade docente comprométese cunha educación para a igualdade, sen discriminacións por razón de sexo, e superadora de mitos. A metodoloxía didáctica empregada evitará condutas que poñan énfase nos roles tradicionais atribuídos ao home e á muller, e proporcionará ao alumnado imaxes diversificadas e non convencionais de un e outro sexo. No noso centro traballaremos en prol da igualdade a través do currículo explícito e para contrarrestar os prexuízos sexistas que se poidan transmitir a través do denominado currículo oculto, que vén a transmitir a ideoloxía sexista vixente na nosa sociedade.

Igualmente, o centro educativo terá como referencia as medidas de acompañamento de identidade de xénero establecidas tanto no *Protocolo educativo para garantir a igualdade, non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*, como na *Lei 7/2023 do 30 de novembro*.

A Dirección do centro, xunto co Departamento de Orientación, programarán a través do Plan de Acción Titorial a concreción dos contidos de educación afectivo-sexual para todo o alumnado do centro.

Os documentos propios de centro están elaborados segundo a lexislación vixente e as normas e protocolos da Consellería en materia de educación, e recollen os aspectos de igualdade, loita contra a violencia de xénero e a discriminación contra a identidade sexual.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia (PENDENTE)

No centro non se aprecian graves desequilibrios de xénero nos Órganos de representación e de xestión (claustro, consello escolar, comisión de coordinación pedagóxica, etc.).

En canto á matrícula, non existen grandes diferenzas entre o número de homes e mulleres en ningunha etapa educativa, pero si nos itinerarios de bacharelato: tanto nos grupos de Ciencias Sociais como nos de Bacharelato Tecnolóxico, unha



ampla maioría do alumnado son homes, mentres que nos de Humanidades e Ciencias da Saúde a tendencia é a contraria.

Na formación dos grupos intentamos, na medida do posible, que exista un equilibrio no número de alumnos e alumnas. Desde hai varios anos os datos académicos confirman un mellor rendemento académico xeneralizado das mulleres respecto ós homes.

No rexistro anual das condutas contrarias á convivencia, de xeito anecdótico poden aparecer sancións a condutas que atentan contra a igualdade, discriminación por causa de xénero ou contra o colectivo LGTBI. É importante destacar que hai unha porcentaxe moito maior de homes nos rexistros de condutas contrarias á convivencia e nas medidas correctoras.

Con respecto ao uso de espazos escolares e extraescolares e a participación en actividades complementarias, existe prevalencia de homes no emprego das pistas de fútbol e no uso do pavillón nos recreos, así como na participación dos torneos deportivos.

Pódese apreciar tamén, en diferentes situacións (clases de Educación Física, recreos, gardas...) a gran diferenza, en canto á práctica de actividades físicas e deportivas, entre os alumnos e as alumnas do centro. Esta diferenza, que é máis visible a medida que se avanza en idade, non soamente se debe aos estereotipos, senón que pode darse por diferentes motivos:

- Medo ao ridículo.
- Ás veces séntense inferiores.
- Non lles gusta ser observadas, por medo a ser criticadas posteriormente.
- Medo a mancarse cando xogan cos rapaces, posto que consideran que, ás veces, estes se comportan de xeito brusco.

A pesares de que actualmente o persoal non docente ten unha representación próxima á paridade, aínda é visible a feminización neste sector, que é

maioritariamente feminino e ocupa postos estereotipados. A maioría das mulleres traballan en actividades de limpeza e administración, mentres que os homes teñen unha escasa representación.

En canto á participación de pais e nais no Consello Escolar é relevante a existencia unicamente de representación feminina neste órgano colexiado, o que pon de manifesto que seguen a ser as mulleres as que asumen de forma máis activa e directa a educación das súas fillas e fillos. Esta mesma situación tamén se dá na participación das mulleres na ANPA e na presidencia da mesma.

4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan

O plan recolle unha serie de obxectivos e medidas desexados para a prevención e tratamento da violencia de xénero. Os obxectivos específicos do plan que se relacionan a seguir, reflicten a responsabilidade e importancia da orientación profesional como recurso para erradicar determinadas crenzas sexistas que condicionan a toma de decisións vocacionais do alumnado.

Así mesmo, a *Lei 7/2023 do 30 de novembro* presentaba como obxectivo xeral o de contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a equivalencia de achegas dos homes e das mulleres.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.



- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade do alumnado.
- Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.
- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara ás mozas e mozos.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, sobre todo, das ofertadas polo centro educativo, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- Animar ás familias a reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero, acerca da liberdade na elección da identidade de xénero e arredor da libre orientación afectivo-sexual.
- Incentivar o reparto de forma xusta e equilibrada das tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar ás familias a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.
- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero



- Aplicar e informar correctamente dos protocolos establecidos polas administracións en caso de detección dun caso de violencia de xénero, sempre protexendo á persoa menor.
- Favorecer a comunicación coa persoa menor para detectar posibles casos de violencia familiar.
- Poñer á disposición do alumnado todas as canles posibles de comunicación e axuda nos casos de violencia de xénero (Departamento de Orientación, servizos sociais, grupo de mediación, caixa de correo de suxestións...)
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo Directivo en situacións de violencia verbal ou física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Sensibilizar a todo o profesorado cara á detección de problemas no contorno familiar.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Implicar ás familias nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.



- Evitar a presunción de heterosexualidade das familias nos documentos do centro (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares, etc.) que debe cubrir cada estudante ou familia.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e á identidade de xénero.
- Establecer unhas pautas de actuacións comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia

- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo.
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate o alumnado "trans" conforme ao nome e ao xénero sentidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado.
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro.
- Asegurar que o alumnado "trans" poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que sexa posible modificalas.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, facendo visible o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes.

5. Medidas concretas de actuación

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015. A Comunidade Educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

O Equipo Directivo, o Claustro, o Consello Escolar, a Comisión de Igualdade... todos eles son órganos participantes na elaboración de propostas, nas normas e nas medidas a levar a cabo. A Comisión de Igualdade ten carácter consultivo e entre as súas funcións está velar pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste Plan de Igualdade e nas NOF. Entre as súas funcións está elaborar o Plan de Igualdade e dinamizar todos os sectores da Comunidade Educativa.

Entendemos este plan como parte dun proceso que se irá perfilando e madurando ao longo de cursos sucesivos. A continuación expóñense as actuacións programadas para este curso, aínda que esta programación é flexible e susceptible de ser modificada ao longo do mesmo.

5.1. Organización de centro.

Levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Manter unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, especialmente a través da web do centro e as súas redes sociais.



- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro na elaboración de documentación, nas comunicacións ás familias, etc.
- Formación para alumnado e/ou profesorado da man de Priscila (fundadora do Comando igualdade) e/ou o grupo de igualdade do IES 1º Marzo de Baiona, Rochas Violetas.
- Posibilidade de crear un grupo dinámico con alumnado e profesorado concienciado na importancia deste tema transversal no noso currículo para dinamizar e organizar actividades nos días sinalados e que podería participar no Encontro anual de Comandos de igualdade dos centros de ensino que teñen lugar todos os cursos.
- Promocionar no ámbito do Plan de Acción Titorial, elaborado no Departamento de Orientación, actividades encamiñadas a fomentar a igualdade no ámbito académico e de elección de itinerarios profesionais, na educación afectivo-sexual, na convivencia positiva en todos aqueles aspectos que contribúan á formación do noso alumnado no respecto ás diferenzas individuais.
- Concienciación do profesorado para abordar unha revisión do material didáctico de xeito que se adapte á perspectiva de xénero.
- Desenvolver unha orientación laboral que fomente itinerarios e materias considerados tradicionalmente como masculinos ás mulleres e tamén, no caso contrario, para os homes. Dentro do Plan de Orientación Académica e Profesional desenvolveranse actuacións que teñan en conta a perspectiva de xénero, como por exemplo: Programa "Que non te lían", charlas de mulleres que traballan en sectores tradicionalmente masculinos, e viceversa.
- Colaboración con entidades externas na realización de actividades coeducativas para buscar máis vinculación por parte do alumnado: Nós Mesmas, Quérote+, Outrora Cooperativa, Servizos Sociais, etc.
- Impartir charlas e obradoiros, como os que inclúe o Plan Director para a convivencia nos centros educativos ("Prevención de violencia de xénero") ou o de Pepe Cabido e Chis Oliveira (profesorado de secundaria) que propoñen como traballar co alumnado cuestións relacionadas co consumo de pornografía e como isto afecta ao xeito de relacionarse e comportarse tanto do alumnado masculino coma feminino.
- Desenvolver actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar, como por exemplo:



- 11 de outubro: actividades conmemorativas do Día Internacional da Nena.
- 25 de novembro: actividades contra a violencia de xénero (cadea humana xunto co persoal do centro, pais e nais e poboación de Tui contra a violencia de xénero, lectura de manifestos, realización e instalacións de pósters e infografías, etc.).
- 11 de febreiro: actividades nas cales se visibilicen as mulleres científicas co gallo do Día da Muller e a Nena na Ciencia.
- 14 de febreiro: *Deconstruíndo o amor romántico*, actividade na que se pode traballar arredor da imaxe do amor romántico.
- 8 de marzo: realización de actividades por parte de toda a comunidade educativa do centro con motivo do Día Internacional da Muller.
- Mes de xuño: actividades contra a LGBTIfobia.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

A través das CCP elaboraremos protocolos para revisar os documentos programáticos e a propia práctica docente desde unha perspectiva de xénero, facendo relevante dentro do posible o papel das mulleres en cada un dos diferentes contidos. Aínda que este tipo de contidos pode traballarse diariamente, aproveitaremos tamén para reforzar estas accións cerca de datas coeducativas.

As actuacións concretas que se realizan nalgúns departamentos, contribuíndo así a acadar os obxectivos do presente Plan, son as seguintes:

- Durante as clases de Educación Física buscarase unha participación igualitaria, fomentando a participación das alumnas nas actividades e tarefas que sexan propostas motivándoas e poñéndoas, se é posible, como exemplo de actitude positiva ante a realización e práctica das mesmas.

Os/as alumnos/as terán que facer traballos, en cada Unidade Didáctica, dunha deportista que destacara en algo relacionado cos contidos que se están a traballar. Nese labor terán que falar da súa vida, traxectoria deportiva, dificultades coas que se atopou para destacar como deportista, méritos e medallas acadadas.

- Dende o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía:



- En 4º ESO dáselle ás aulas o nome dunha científica relevante: trabállase e invístigase sobre ela e a súa contribución á ciencia, e faise un debuxo que se coloca na porta da aula.
- O Laboratorio de Ciencias leva o nome dunha científica galega.
- Conmemoración do Día da Muller e a Nena na Ciencia, mediante a investigación/traballo sobre investigadoras actuais e relevantes, e outras actividades, durante o mes de febreiro.
- Na materia de Filosofía:
 - Utilización da serie web de ficción "As sophías" elaboradas polo consello da Cultura Galega arredor da figura de 7 mulleres filósofas que permiten abordar na clase o tema transversal da igualdade e a figura destas filósofas en concreto (<https://consellodacultura.gal/especiais/sophias/>).
 - Uso habitual de textos e vídeos explicativos de filósofas para visibilizar entre o alumnado a presenza feminina no mundo da filosofía aínda moi alonxada da nosa realidade cotiá.
 - Actividade realizada arredor do saber científico e filosófico coa que se elaborará un quebracabezas xigante con información de mulleres destacadas do mundo da ciencia, da filosofía, da arte e da literatura.
- No departamento de inglés:
 - No mes de marzo, co gaio da celebración do 8M: realización da tarefa "Important Women in History" na que o alumnado escolle unha muller relevante da historia e investiga sobre ela, elaborando un vídeo falando sobre ela, varias citas e un pequeno texto explicando por que foi relevante. Posteriormente, xeración de códigos QR para acceder a ese contido e exposición dos mesmos no centro.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, en particular manterase no centro o "Arco da vella", un espazo de lectura onde estean



dispoñibles este tipo de lecturas e se poidan realizar as exposicións dos traballos próximos a datas coeducativas.

- Análise da distribución dos espazos por sexos, e fomento da ocupación dos mesmos por igual por parte de mulleres e homes, xestionando, entre outras cousas, as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Procurar que as entidades colaboradoras co centro sexan respectuosas coa diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc. Como medida concreta, na organización de torneos ou campionatos deportivos teranse en conta as seguintes normas:
 - Nas listaxes de participantes deben aparecer, como mínimo dúas rapazas, se non o equipo non será válido.
 - Terá que haber sempre e como mínimo unha alumna no campo xogando. De non ser así anularase o partido.

6. Seguimento e avaliación.

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos en cada actividade se conseguiron ou non. Avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa.

Elaboraremos unha memoria final, onde se recollerán o grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados.

Así mesmo avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...), a consecución dos obxectivos, os materiais empregados, a actitude do alumnado, a implicación do claustro en materia de igualdade...

Os instrumentos empregados serán: a observación e enquisas ou cuestionarios finais de cada actividade co fin de valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
SAN PAIO



Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A partir da análise dos obxectivos acadados (ou non) e da participación da comunidade educativa, formularanse unhas liñas de mellora de cara ao curso seguinte.